XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural

Edificio administrativo Monelos
Praza de Luis Seoane, s/n
15071 A Coruña

XACOBEO 2010
Galicia

# INFORME TÉCNICO SOBRE OS VALORES DO MEDIO NO PROXECTO "MELLORA DOS CALADOS NA CANLE DE ENTRADA AO INTERIOR DA RÍA DE FERROL"

## ASUNTO

Informe solicitado pola Servizo de Análise de Proxectos, Plans e Programas da Subdirección Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade da Consellería de Medio Rural, no que se solicita información dos valores do medio e posibles interaccións ambientais na execución do proxecto "Mellora de calados na canle de entrada ao interior da ría de Ferrol".

## LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO

A actuación obxecto do estudio se localiza na provincia da A Coruña, en a ría de Ferrol, que baña os municipios de Ares, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón y Neda.

O canle de acceso a ría de Ferrol presenta unha lonxitude de 4 Km dende a Punta do Segaño ata a Punta do Vispón.

Segundo o estudio de impacto ambiental, detectáronse 3 aguias e 3 áreas, que non superan o calado de 12 metros na canle de navegación, e 2 áreas e 1 aguia na área de resgardo de seguridade que non alcanzan os 10 metros de calado.
O proxecto consistiría no dragado, mediante uso de cemento expansivo, co fin de obter un calado suficiente nestas zonas para permitir o transito de buques.

## VALORES DO MEDIO

### Espazos naturais protexidos

Parte das actuacións programadas encóntranse dentro do LIC "ES1110002 Costa Ártabra".
Ós tipos de hábitat recollidos no anexo I da Directiva 94/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres que veríanse afectados son a seguintes:

1160 Grandes calas e baías pouco profundas
1130 Esteiros
1170 Arrecifes
1110 Bancos de arena cubertos permanentemente por auga mariña pouco profunda.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presento fotocopia é reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago, 11 ABR. 2012

**Biodiversidade: Flora y fauna**

A ría de Ferrol alberga unha gran biodiversidade como recollen diversos traballos científicos. Este valor ambiental queda patente pola inclusión de parte desta ría, incluídos os seus fondos mariños, dentro da Rede Natura 2000 (LIC "Costa Ártabra").

Ata actualidade , na Ría de Ferrol, describíronse 18 especies novas para a ciencia, quere dicir que se descubriron por primeira vez no mundo en esta ría.

Na zona da actuación, dentro parte da Rede Natura 2000, aparecen sedimentos grosos e afloramentos de pedras e rochas graníticas nas que vive unha das comunidades máis interesantes e raras da ría conformado por multitude de organismos sésiles coloniais fixados ao substrato e que se alimentan do rico plancton da ría e que acadan aquí unha alta diversidade e densidade.

Gran parte da riqueza da ría débese a os chamados bosques de Laminaria, os cales dan amparo a milleiros de pequenas especies, que constitúen o alimento esencial para moitos mariscos e peixes que dependen directamente de a súa existencia por é aquí onde atopan protección, refuxio, alimentación ademais unha boa zona de cría, para que a descendencia cubra a súas necesidades nutritivas durante as primeiras etapas da vida. Os poboamentos de Laminaria , non son só refuxio de fauna que se move na procura de alimento, senón que tamén determinan un medio moi singular no que prospera unha vida característica, rica e diversificada, como son moitas especies de algas, esponxas, anémonas, corais, estrelamares, ourizos e outros equinodermos, vermes, crustáceos, pequenos como camaróns e santiaguiños, moluscos como polbos, chocos, luras e bivalvos, e outra moita fauna que ten unha importancia fundamental.

Destacar tamén que a Ría de Ferrol e zona de paso de diversos mamíferos e quelonios mariños.

A continuación se citan las especies protexidas localizadas en la zona onde se pretende realizar el dragado:

**Flora**

| Especie | CNEA | CGEA | LEY 42/2007 Patrimonio y Biodiversidad | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Anexo II | Anexo IV |
| *Fauchea repens* | - | V | Non | Non |

CGEA: VU – Vulnerable

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago, 11 ABR. 2012

## Invertebrados

| Especie | CNEA | CGEA | LEY 42/2007 Patrimonio y Biodiversidad | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Anexo II | Anexo IV |
| *Bolma rugosa* | - | E | Non | Non |
| *Echinus esculentus* | - | V | Non | Non |
| *Eunicella verrucosa* | - | V | Non | Non |

**CGEA:** V - Vulnerable, E – En perigo de extinción

## Peixes

| Especie | CNEA | CGEA | LEY 42/2007 Patrimonio y Biodiversidad | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Anexo II | Anexo IV |
| *Alosa alosa* | - | V | Non | Non |
| *Petromyzon marinus* | - | - | Si | Non |
| *Salmo salar* | - | - | Si | Non |

**CGEA:** V - Vulnerable

## Mamíferos

| Especie | CNEA | CGEA | LEY 42/2007 Patrimonio y Biodiversidad | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Anexo II | Anexo IV |
| *Phocoena phocoena* | - | V | Si | Non |
| *Tursiops truncatus* | - | V | Si | Non |

**CGEA:** V - Vulnerable

## Reptiles

| Especie | CNEA | CGEA | LEY 42/2007 Patrimonio y Biodiversidad | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Anexo II | Anexo IV |
| *Dermochelys coriacea* | IE | E | Non | Non |
| *Caretta caretta* | IE | V | Si* | Non |
| *Chelonia mydas* | IE | - | Si* | Non |

**CGEA:** V - Vulnerable, E – En perigo de extinción **CNEA:** IE – Interese especial
**LEY 42/2007:** Si* - Especie prioritaria

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 11 ABR. 2012

Asdo.: José Manuel Pena Regueiro

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural

Edificio administrativo Monelos
Praza de Luís Seoane, s/n
15071 A Coruña

XACOBEO
Galicia

## VALORACIÓN DOS EFECTOS DO PROXECTO SOBRE OS RECURSOS NATURAIS

A zona de estudio ten unha especial relevancia dende o punto de vista ambiental, xa que forma parte dun Lugar de Importancia Comunitaria **(LIC "ES1110002 Costa Ártabra")** e presenta unha grande variedade de hábitats , recollidos na Directiva 92/43/CEE, en toda a ría. Tamén se localizan nesta área diversas especies con diferente grado de protección . A realización do dragado provocaría un importante deterioro nesta zona protexida, así como unha grave afección ao estado de conservación das especies citadas anteriormente.

A *Lei 42/2007, de 13 de decembre, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade* cita o seguinte en o seu artigo 45:

*"Artículo 45. Medidas de conservación de la Red Natura 2000.*

*1. Respecto de las Zonas Especiales de Conservacióny las Zonas de Especial Protección para las Aves, lasComunidades autónomas fijarán las medidas de conservación necesarias, que respondan a las exigencias ecológicasde los tipos de hábitats naturales y de las especies presentes en tales áreas, que implicarán:*

*a) Adecuados planes o instrumentos de gestión, específicos a los lugares o integrados en otros planes de desarrollo que incluyan, al menos, los objetivos de conservación del lugar y las medidas apropiadas para mantenerlos espacios en un estado de conservación favorable.*

*b) Apropiadas medidas reglamentarias, administrativas o contractuales.*

*2. Igualmente las administraciones competentes tomarán las medidas apropiadas, en especial en dichos planes o instrumentos de gestión,* ***para evitar en los espacios de la Red Natura 2000 el deterioro de los hábitat naturales y de los hábitat de las especies, así como las alteraciones que repercutan en las especies que hayan motivado la designación de estas áreas, en la medida en que dichas alteraciones puedan tener un efecto apreciable en lo que respecta a los objetivos de la presente ley.***

*3. Los órganos competentes deberán adoptar las medidas necesarias para evitar el deterioro o la contaminación de los hábitats* ***fuera de la Red Natura 2000.***

*4. Cualquier plan, programa o proyecto que,* ***sin tener relación directa con la gestión del lugar o sin ser necesario para la misma, pueda afectar de forma apreciable a los citados lugares****, ya sea individualmente o en combinación con otros planes o proyectos, se someterá a una adecuada evaluación de sus repercusiones en el lugar, que se realizará de acuerdo con las normas que sean de aplicación, de acuerdo con lo*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago, 11 ABR. 2012

*establecido en la legislación básica estatal y en las normas adicionales de protección dictadas por las Comunidades autónomas, teniendo en cuenta los objetivos de conservación de dicho lugar. A la vista de las conclusiones de la evaluación de las repercusiones en el lugar y supeditado a lo dispuesto en el apartado 5 de este artículo, los órganos competentes para aprobar o autorizar los planes, programas o proyectos solo podrán manifestar su conformidad con los mismos tras haberse asegurado de que no causará perjuicio a la integridad del lugar en cuestión y, si procede, tras haberlo sometido a información pública.*

*5. Si, a pesar de las conclusiones negativas de la evaluación de las repercusiones sobre el lugar y a falta de soluciones alternativas, debiera realizarse un plan, programa o proyecto por* ***razones imperiosas de interés público de primer orden****, incluidas razones* ***de índole social o económica****, las Administraciones Públicas competentes tomarán cuantas medidas compensatorias sean necesarias para garantizar que la coherencia global de Natura 2000 quede protegida.* ***La concurrencia de razones imperiosas de interés público de primer orden*** *sólo podrá declararse para cada supuesto concreto:*

***a) Mediante una ley.***
***b) Mediante acuerdo del Consejo de Ministros,*** *cuando se trate de planes, programas o proyectos que deban ser aprobados o autorizados por la Administración General del Estado, o del órgano de Gobierno de la Comunidad autónoma. Dicho acuerdo deberá ser motivado y público.*

*La adopción de* ***las medidas compensatorias*** *se llevará a cabo, en su caso, durante el procedimiento de evaluación ambiental de planes y programas y de evaluación de impacto ambiental de proyectos, de acuerdo con lo dispuesto en la normativa aplicable. Dichas medidas se aplicarán en la fase de planificación y ejecución que determine la evaluación ambiental.*
***Las medidas compensatorias adoptadas serán remitidas, por el cauce correspondiente, a la Comisión Europea.***

*6. En caso de que el lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural y/o una especie prioritaria, señalados como tales en los anexos I y II, únicamente se podrán alegar las siguientes consideraciones:*

*a) Las relacionadas con la salud humana y la seguridad pública.*

***b) Las relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para el medio ambiente.***

*c) Otras razones imperiosas de interés público de primer orden,* ***previa consulta a la Comisión Europea."***

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 11 ABR. 2012

Asdo.: José Manuel Pena Regueiro

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural

Edificio administrativo Monelos
Praza de Luís Seoane, s/n
15071 A Coruña

XACOBEO
Galicia

*"8. Desde el momento en que el lugar figure en la lista de Lugares de Importancia Comunitaria aprobada por la Comisión Europea, éste quedará sometido a lo dispuesto en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo."*

O *Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas*, indícanos no artigo 10 as prohibicións que afectan as especies incluídas no citado catálogo:

*"a) Tratándose de especies vexetais, a de calquera actuación non autorizada que se leve a cabo co propósito de destruílas, mutilalas, cortalas ou arrincar exemplares completos ou parte deles, así como a recolla das súas sementes, pole ou esporas e, en xeral a destrución do seu hábitat."*

*"b) Tratándose de especies animais, incluídas as súas larvas, crías ou ovos, a de calquera actuación non autorizada feita co propósito de darlles morte, capturalos, perseguilos ou molestalos intencionadamente, e nos seus niños, tobeiras ou áreas de reprodución, invernada, muda, paso, repouso e alimentación, así como a destrución do seu hábitat. Asemade, para as especies catalogadas como en perigo de extinción queda prohibida, excepto autorización expresa, a observación e filmación mediante o establecemento de postos fixos a menor distancia da que en cada caso determine o instrumento de planificación correspondente."*

*"4. As especies de flora e fauna de interese comunitario que figuran no anexo IV do Real decreto 1997/1995, que traspón a Directiva 92/43/CEE, así como as aves silvestres non cazables ou comercializables amparadas polo artigo 1 da Directiva 79/409/CEE, gozarán das medidas de protección establecidas neste artigo, séndolles de aplicación o réxime sancionador propio das do catálogo."*

O dragado da ría carece de vinculación directa co a xestión do lugar e afecta ao estado de conservación do espazo xa que afectarían negativamente á composición e estructura dos fondos mariños e produciría efectos significativos sobre o estado de conservación de hábitats e especies mencionados e incluídos nos Anexos I, II e IV da *Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade*, estando afectadas tamén dúas especies en perigo de extinción, ***Bolma rugosa*** e ***Dermochelys coriacea***, e dúas especies prioritarias, ***Caretta caretta*** e ***Chelonia mydas***.

O estudio de impacto ambiental non reflexa correctamente os hábitats de interese comunitario, en concreto non recolle os hábitats **grandes calas e baías pouco profundas, bancos de arena cubertos permanentemente por auga mariña pouco profunda e arrecifes**, sendo precisamente este último hábitat o que recibe a maior afección.Tampouco figuran no estudio presentado todas as especies protexidas presentes

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 11 ABR. 2012

Asdo.: José Manuel Pena Requeira

na zona, polo que as matrices de impactos presentadas esta mal realizadas e con elo as conclusións sobre a ño afección á Rede Natura, hábitats de interese comunitario e especies protexidas.

Por todo o exposto anteriormente e de acordo a lexislación vixente, considero que a execución do proxecto e ambientalmente incompatible co a conservación dos hábitats e as especies presentes na zona de estudio, tanto dentro como fora da Rede Natura 2000.

A Coruña, 23 de xullo de 2010

O Biólogo do Servizo de
Conservación da Natureza

[redacted]

Vº e Pr.
O Xefe do Servizo de
Conservación da Natureza

XUNTA DE GALICIA
XEFATURA TERRITORIAL CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

Ado.: Carlos Gonzalo Muñoz Martínez.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reproducción fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 11 ABR. 2012

Asdo.: José Manuel Pena Regueiro